



**Recurso nº 88/2023**

**Resolución nº 98/2023**

**RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA  
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 2 de xuño de 2023

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por ACEESCA EMPREGO SL contra acordo do 04.05.2023, de adxudicación do lote 3 da contratación dun servizo de limpeza de colexios do Concello de Ponteareas, expediente 1718/2022, licitado por ese Concello, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** Polo Concello de Ponteareas convocouse a licitación do contrato descrito no encabezamento, cun valor estimado declarado de 679.392 euros. O lote impugnado titúlase "Lote 3: Traballos de limpeza do CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera".

**Segundo.-** O 15.05.2023 ACEESCA EMPREGO SL interpuxo recurso especial en materia de contratación.

**Terceiro.-** Tras a correspondente solicitude, recibíuse o expediente e informe ao que se refire o artigo 56 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). Tamén se trasladou o recurso aos interesados, presentándose as alegacións da empresa LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL, SL.





## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

**Segundo.-** O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

**Terceiro.-** O recorrente impugna a adxudicación dun lote nunha licitación na que participou e a súa oferta foi a segunda mellor clasificada, polo que ten lexitimación.

**Cuarto.-** O recurso foi interposto en prazo.

**Quinto.-** Ao impugnarse o acordo de adxudicación do lote 3 na contratación dun servizo de valor estimado superior a 100.000 €, o recurso é admisible.

**Sexto.-** O recorrente impugna o acordo de adxudicación e semella pretende dirixir a súa crítica contra a consideración como viable da oferta gañadora, que no procedemento se atopou incurso en presunción de anormalidade. E dicimos semella pois se ben iso se nos traslada no punto terceiro das súas alegacións, o certo é que o recurso solicita expresamente a *“anulación del criterio de adjudicación”*.

En todo caso, e en relación xa coa pretensión de exclusión da adxudicataria, tamén temos que reiterar o xa dito en anteriores ocasións respecto a que a carga de lograr o convencemento deste Tribunal para que se chegue ao solicitado no recurso corresponde, de inicio, ao recorrente, o cal debe recoller un desenvolvemento suficiente na súa argumentación para isto, así como os elementos necesarios para soste a súa pretensión, sen que se poida chegar a suplir de oficio tal carga.

O escrito de impugnación critica que polo órgano de contratación se aceptase a viabilidade da oferta con base en que a empresa adxudicataria é un centro especial de emprego, e que polo tanto beneficiase de diversas axudas e subvencións. Así, o recorrente entende que é posible o *“rechazo de una oferta anormalmente baja cuando se diera la situación de que un organismo público publicase la correspondiente*





*convocatoria de la ayuda o subvención y además que la empresa o el licitador de que se trate la haya expresamente solicitado. Pudiendo desestimarse la oferta si no se diera ese caso”.*

Podemos sinalar como doutrina uniforme dos Tribunais Administrativos que a apreciación de que a oferta ten valores anormais ou desproporcionados non é un fin en si mesmo, senón un indicio para establecer que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia diso, tras un procedemento contradictorio ao respecto. A decisión sobre se pode cumprirse ou non é competencia do órgano de contratación, que debe sopesar as alegacións formuladas pola empresa licitadora e os informes emitidos polos servizos técnicos. A responsabilidade de xustificar a súa proposta corresponde ao licitador, se ben non é imprescindible que desagregue exhaustivamente a oferta desproporcionada, senón de prover de argumentos suficientes que permitan ao órgano de contratación chegar á convicción de que se pode levar a cabo.

Nese sentido, non é indispensable que por parte do licitador se proceda a unha acreditación da totalidade dos distintos compoñentes da oferta económica, senón que abonda con que ofrezca ao órgano de contratación elementos que permitan explicar e comprobar a viabilidade e seriedade da mesma, ao que engadir que os argumentos ou xustificacións achegados polo licitador deben ser máis profundos canto maior sexa esa desproporción.

Tamén na nosa Resolución TACGal 45/2018 indicabamos sobre a exclusión dun licitador que este era un resultado especialmente gravoso, polo que a proporcionalidade non é un principio menor ao respecto.

Como dixemos anteriormente, non podemos entender que se cumprise coa carga argumentativa e probatoria que lle corresponde a quen exercita esta vía impugnatoria, en canto máis alá desa xeral alegación sobre posibles axudas non se nos achega polo recorrente ningún elemento concreto en relación coa oferta da adxudicataria, nin que cuestione a súa viabilidade, que é en definitiva o que se pretende neste recurso. Nese sentido, non se nos mostra ningunha análise económica, nin dato ao respecto, nin de feito se fai sequera referencia ás circunstancias das axudas indicadas na documentación xustificativa da gañadora da licitación -por exemplo, a súa vixencia, periodicidade ou se teñen ou non carácter competitivo-. Salientamos neste sentido que nos atopamos ante un lote reservado a centros especiais de emprego.





Todo o cal impide xa poder acoller a pretensión anulatoria do recorrente, pois esas eivas impugnatorias non poden ser suplidas por este Tribunal, a quen non lle corresponde asumir a posición de recorrente.

De feito, a empresa adxudicataria nas súas alegacións sinala que *“tal y como manifiesta mi representada y como prueba con la documental aportada, las subvenciones a las que hace mención para el periodo 2023 ya han sido concedidas, siendo que además las mismas vienen siendo percibidas desde el inicio de la actividad como CEE”*.

Todo o cal determina a desestimación do recurso.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto por ACEESCA EMPREGO SL contra acordo do 04.05.2023, de adxudicación do lote 3 da contratación dun servizo de limpeza de colexios do Concello de Pontearreas, expediente 1718/2022, licitado por ese Concello.
2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .
3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva nos seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O PRESIDENTE, Tomás Otero Ferreiro. A VOGAL-SECRETARIA, Ana María de Frutos Martínez. O VOGAL, Jesús María García Blanco.

